

CPI PECALAMA



# Plan Anual de Lectura

Biblioteca Pecalama

Coordinadora da Biblioteca: Amalia Casas López

Curso 2018-2019

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN- CONTEXTUALIZACIÓN.....	páx. 3
2. ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS.....	páx. 4
3.OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA.....	páx.5
4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.....	páx.5
5. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR .....	páx.6
6. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA.....	páx. 7
7. DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS DA BIBLIOTECA.....	páx.7
8. ITINERARIOS LECTORES E RUTINAS DE LECTURA.....	páx. 8
9. ACIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS.....	páx.17
9.1 PROGRAMA DE FORMACIÓN DE USUARIOS	
9.2 FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR	
9.4 LER EN FAMILIA	
10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	páx. 18

## PLAN ANUAL DE LECTURA

### INTRODUCIÓN - CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O Centro Público Integrado Pecalama está situado no municipio de Tordoia , de titularidade pública e dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Está emprazado na localidade de Pontepedra, parroquia de Cabaleiros, do concello de Tordoia. A actividade económica do municipio está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios: agricultura e gandería con pequenas explotacións familiares ou na construcción e servizos, tendo que desprazarse a maioría deles a outros concellos como Carballo, Ordes, Cerceda ou Santiago.

A poboación vive dispersa en pequenos núcleos rurais e carece de servizo de transporte colectivo, de maneira que os rapaces teñen que desprazarse en coches particulares para ir ás actividades extraescolares , ao cine ,ou á Casa de cultura do Concello

Trátase dun concello de escaso desenvolvemento sociocultural o cal repercute na motivación e o interese polo estudio e o saber dos alumnos e das súas familias, moi pouco implicadas no fomento do hábito lector.

Estas características determinan as dificultades que o alumnado presenta á hora de acceder a actividades culturais e de formación.

Como consecuencia da baixa densidade demográfica e do paulatino envellecemento da poboación o número de alumnos do centro baixa constantemente nos últimos cursos académicos. Na actualidade o centro ten 3 unidades de E.Infantil, 6 unidades de E. Primaria e 4 unidades de ESO, o que fai un total de 171 alumnos.

Segundo os datos reflectidos no Proxecto Educativo do Centro , unha alta porcentaxe do alumnado dispón dun mínimo suficiente de libros de lectura propios e ademais, levan desde o colextio a mochila viaxeira ou collen libros en préstamo da biblioteca do centro. Polo que respecta ao seu tempo de lecer, os discentes distribúeno do seguinte xeito:

Máis do 95 % ven a televisión e empregan as novas tecnoloxías en torno a dúas horas diárias, aumentando esta proporción na fin de semana.

En torno a esa mesma porcentaxe acceden ás actividades extraescolares fóra do horario lectivo

## 2.- ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

As necesidades más importantes que se deben atender son as seguintes:

- A implicación de todo o profesorado na tarefa da mellora do nivel lector do alumnado.
- A integración da biblioteca nas actividades curriculares de todas as materias en todos os niveis educativos.
- A adaptación das bibliotecas do Centro como ferramenta de aprendizaxe e coñecementos e como recurso para crear contidos de maneira que o alumno acompañado polo profesor, desenvolva estratexias de búsqueda, recuperación, elaboración e transmisión da información.
- Fomento especial da lectura naqueles niveis a partir dos cales o alumnado comeza a abandonar os hábitos lectores.
- Apoio para a adquisición das competencias básicas, especialmente a comunicación lingüística, o tratamiento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística, a competencia para aprender a aprender.
- A mellora do nivel de comprensión lectora de todo el alumnado.

## 3.OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE LECTURA

Como desenvolvemento do Proxecto Lector do centro no Plan Anual de Lectura plásmanse todas as actuacións que os distintos departamentos didácticos pretenden realizar en colaboración coa biblioteca ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos neste proxecto. Ditos obxectivos son os seguintes:

- ✓ Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- ✓ Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- ✓ Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- ✓ Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- ✓ Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo. Asumir que esta tarefa non é responsabilidade exclusiva das áreas de Lingua, senón que é necesaria a participación de todas as áreas do currículo.
- ✓ Procurar que o alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- ✓ Fomentar, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- ✓ Promover o uso cotián da biblioteca como ferramenta de aprendizaxe, de forma que coñezan os fondos que están á súa disposición e aprendan a seleccionar as súa lecturas.
- ✓ Facilitar a través da formación unha mellora no coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensinanza más adecuadas para levalas á práctica.

#### 4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Tendo en conta o Proxecto lector do centro proponse un tempo de lectura ( "Hora de ler") para todo o alumnado de ESO e E. Infantil e Primaria.

##### Hora de ler

Establécese un horario de lectura que irá rotando de semana en semana de maneira que todos os cursos dispoña dunha sesión semanal ,como parte do horario lectivo, dedicada á lectura. Nos días previos á avaliación este calendario será opcional, é dicir, o profesorado decidirá en función dos exames se mantén a actividade.

Con esta proposta non se pretende impor nin o tipo de documento que vai utilizar, xa que poden decidilo tanto o profesorado como o propio alumnado, nin o xénero, pode ser de ficción ou formar parte do currículo da materia en cuestión, pode ser o mesmo para todo o grupo ou individualizado, a lectura pode ser en grupo ou de forma persoal, en voz alta ou silenciosa e o profesorado decidirá que tipo de actividades, se o desexa, quere e pode facer en torno á lectura. A única intención desta proposta é que se destine, cando menos unha sesión á lectura por pracer en diferentes períodos lectivos.

En E. Infantil e Primaria establécese un período de 20 minutos de lectura todos os días despois do recreo para todos os cursos.

Nas materias de Lingua dedicamos dunha sesión semanal a lectura e comentario en voz alta dun libro establecido na programación de cada Departamento para os cursos de 1º,2º, 3º ESO.

Como obxectivos da Hora Semanal de lectura oral propoñemos:

- ✓ Mellorar a expresión oral.
- ✓ Mellorar a lectura comprensiva
- ✓ Ler de forma expresiva. Buscar estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.
- ✓ Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- ✓ Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes.
- ✓ Acceder ao descubrimento de outros mundos tanto en sentido físico como de pensamento.
- ✓ Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- ✓ Ler de forma autónoma e con asiduidade.
- ✓ Desenvolver actitudes emocionais e positivas cara a lectura no tempo de ocio.
- ✓ Utilizar as ferramentas e recursos da biblioteca escolar.
- ✓ Analizar e comentar aspectos literarios como: puntos de vista, narrador, conflitos, puntos de inflexión, análise de personaxes, tempo e espazo da narración.

## 5. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Xestión dos recursos.

-O catálogo dos fondos documentais da biblioteca está xestionado co programa Meiga co que tamén se xestionan os préstamos e devolucions de libros. O catálogo dos fondos bibliográficos pódese consultar na páxina web do centro e no blog da biblioteca (<http://bibliopecalamas.blogspot.com.es/>)

- A biblioteca permanece aberta durante o horario lectivo de maneira que os libros están a disposición do alumno e o profesor que realizan o préstamo e devolución de forma autónoma

-Tamén se utiliza como aula de lectura e como aula de reforzo supervisadas por un profesor.

-Os alumnos dispoñen dunha hora de lecer á semana, na biblioteca, que dedican á realización de deberes e consulta de información ou realización de traballos cooperativos.

-A biblioteca tamén xestiona os préstamos para as bibliotecas de aula ou Departamentos.

## 6. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA

As principais liñas de actuación para a biblioteca son:

- Proporcionar apoio aos Departamentos didácticos poñendo á súa disposición os recursos e fondos documentais necesarios.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica de clase.
- Fomentar o hábito de lectura diaria e a afección á lectura como un ben cultural e un tempo de ocio
- Promover a autonomía na elección da lectura e na práctica habitual da mesma.
- Facilitar o coñecemento dos procedementos habituais para a consulta e catalogación de libros no uso da Biblioteca de centro.
- Dotar ao alumnado das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.
- Habituar ao alumno á utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.
- Fomentar o uso e aprecio da Biblioteca polas familias como centro de documentación e lugar de formación.
- Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- Manter os fondos actualizados e amplialos segundo as necesidades dos Departamentos didácticos.
- Atender ás solicitudes dos alumnos e proporcionar todo tipo de lectura: revistas, banda deseñada....

## 7. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, Á SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E Á SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

A biblioteca escolar pretende ser a principal fonte de recursos do centro e polo tanto é imprescindible a actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o Proxecto Lector e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten o seu labor docente.

É un compromiso da nosa biblioteca escolar dispoñer dun mínimo de exemplares das lecturas que aparecen nas programacións didácticas do profesorado ata onde nos sexa posible.

Continuaremos coas actuacións de cursos anteriores (concursos literarios, encontros con escritores, exposicións...) intentando que sexan más atractivas e consigan a participación do alumnado.

Elaboración cos alumnos, de material específico : guías de lectura, guías de uso da biblioteca, paneis para anuncios de concursos, certames....

Atendendo aos obxectivos do *Proxecto Lector*, estas iniciativas deben servir para o desenvolvemento da *competencia lingüística*, para incrementar o gusto pola literatura (*competencia cultural e artística*), para dotarles de recursos de acceso á información (*tratamento da información e competencia dixital*) e para facilitar a autoaprendizaxe (*competencia para aprender a aprender*).

Estes recursos difundiranse a través de actividades específicas como *centros de interese, exposicións*, e outras actividades que co gallo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca. Ademais, pedirse aos distintos departamentos a colaboración para a adquisición de fondos que sexan axeitados para a súa práctica docente.

## 8. ITINERARIOS LECTORES E RUTINAS DE LECTURA. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL

A lectura é unha tarefa cotiá previa a calquera outra actividade. As competencias básicas relacionadas coa información e comunicación implican a adquisición das destrezas en lectoescritura; unha correcta interpretación de textos é fundamental para todas as materias e áreas de coñecemento.

### 8.1. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Os textos son un recurso máis na materia, xunto coas experiencias no laboratorio constitúen a fonte de información básica, vehiculada ás veces pola intermediación do profesorado, e de acceso directo por parte do alumno noutras ocasións. Procuramos que o alumnado acade habilidades expresivas propias da linguaxe científica, a cal, desde sempre, se define pola

claridade, a precisión e a concisión. Lemos e traballamos as características de textos predominantemente informativos e en todos os formatos. Traballamos con:

- Textos xornalísticos (de información, de opinión) na prensa convencional ou en publicacións periódicas de carácter divulgativo relacionadas coas nosas materias (Cerna, Muy Interesante...) e na internet sobre aspectos de actualidade relacionados coa materia.
- Textos publicitarios (visuais, escritos), etiquetado de produtos alimentarios...
- Textos ensaísticos ou de divulgación científica (extraídos de fontes diversas: enciclopedias, dicionarios específicos, estudos monográficos, páxinas da internet...).
- Guías e claves (de botánica, de zooloxía, de xeoloxía
- Atlas anatómicos.
- CD Rom interactivos e películas didácticas.

### Itinerarios lectores

Ofrecemos ao alumnado recomendacións de lecturas, áinda que non contemplamos, de momento, a elaboración de itinerarios lectores para a nosa materia. Con todo, hai textos básicos que se recomandan:

- *Vinte mil leguas de viaxe submarina*, de JULES VERNE.
- *A orixe das especies*, de CHARLES DARWIN.
- *A ciencia no punto de mira*, de Jorge Mira
- *A que altura está o ceo?*, Jorge Mira
- *Ciencia para Xulia*, Jorge Mira.
- Colección *Vidas geniales de la ciencia*, ed. EDITEX

### Criterios de avaliação

Non avaliamos de xeito directo a formación lectora, áinda que si indirectamente, pois o Departamento considera que unha correcta selección, adquisición e análise da información é moi relevante na formación científica. Por outra banda, a expresión coherente, clara e sen faltas de ortografía é unha esixencia para calquera traballo, actividade ou exame que o alumnado realice.

### Utilización de recursos da biblioteca do centro

- Colaboración no deseño das actividades que a Biblioteca organice relacionadas coa celebración de actos ou efemérides relevantes para as nosas disciplinas: Medioambiente, consumo saudable, etc.
- Colaboración na difusión e animación á lectura cando desde outras instancias do Centro así se nos requira (Día do Libro, da Paz, Dereitos Humanos, Muller...)
- Como centro de recursos para a investigación e a elaboración de traballos de todo tipo

### 8.2 DEPARTAMENTO DE INGLÉS

A materia de lingua inglesa está directamente relacionada co fomento da lectura posto que, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua, a competencia lectora e o desenvolvemento de estratexias para acadala é un dos seus obxectivos básicos. A través do libro de texto, da internet, periódicos, revistas e outros recursos e soportes os alumnos entrarán en contacto con todo tipo de textos: cartas, mensaxes electrónicos, receitas de cociña, instrucións, tiras cómicas, novelas, folletos turísticos, anuncios, horarios, menús, extractos de obras literarias, artigos de periódicos, revistas e publicacións na rede, letras de cancións... As estratexias de comprensión lectora, que son comúns ao inglés, galego e castelán, serán traballadas nas actividades ordinarias da aula. Algunhas destas estratexias implicadas na competencia lectora son:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información específica (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).
- Animarse ao alumnado a facer unha primeira lectura rápida dos textos, sen preocuparse de entender todas as palabras, senón intentando entender a idea principal. Tamén se lles animará a usar debuxos, fotografías ou calquera outra imaxe que acompañe o texto para predicir o seu contido. Procurarase que se afagan a deducir polo contexto o significado do vocabulario descoñecido, e a non buscar inmediatamente as palabras novas no diccionario, conseguindo así unha lectura más fluída, rápida e agradable. Ademais, aparte da lectura de

todo tipo de textos na aula, o departamento de inglés vai desenvolver outras actividades de fomento da lectura:

### **Libros de lectura obligatoria (reader)**

O alumnado deberá ler obligatoriamente un (1º e 2º de E.S.O.) ou dous (3º e 4º de E.S.O.) libros graduados en inglés en cada nivel. O obxectivo é que esta lectura sexa individual e autónoma e se realice fóra da aula, aínda que o profesor ou profesora proporcionará na clase toda a axuda que o alumnado individualmente ou a clase en xeral necesite para resolver as dificultades e cuestións puntuais con respecto á comprensión. Tamén animará ao alumno a que realice as actividades de comprensión da lectura que propón o propio libro.

### **Itinerarios lectores**

1ºESO:

*Gulliver's Travels, by Jonathan Swift*

*Sara Says no!, Norman Whitney*

*The adventures of Tom Sawyer, Mark Twain, Penguin Books*

2ºESO: *Sherlock Holmes Stories, Sir Arthur Conan Doyle*

*A message from a ghost, Andrea M. Hutchinson*

3ºESO: *Romeo and Juliet, William Shakespeare*

*The Canterville ghost, Oscar Wilde*

*Jane Eyre, Charlotte Brontë*

4ºESO: *A Christmas Carol, Charles Dickens*

*The Canterbury Tales, Geoffrey Chancer*

*Daisy Miller, Henry James*

### **8.3. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ**

Desde o departamento de Lingua castelá e literatura e segundo sinala o proxecto lector do centro:

1.- Asumimos o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, para mellorar a expresión oral e escrita e como principio para construír o espírito crítico necesario para o crecemento persoal do alumnado.

2.- Deseñaremos e integraremos as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás características e necesidades da materia.

3.- Traballaremos a comprensión lectora convxuntamente coa escritura e a expresión oral.

4.- Empregaremos todos os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do proxecto lector asumindo que a Biblioteca escolar do centro debe ser o punto dinamizador deses recursos, que ten que pór a disposición de toda a comunidade educativa.

### Obxectivos

- a) Incrementar e estimular os hábitos de lectura dos alumnos e alumnas.
- b) Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- c) Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- d) Desenvolver as habilidades no proceso de procura de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- e) Organizar tempos para a lectura no horario lectivo.
- f) Favorecer o coñecemento da lingua na súa función estética (xéneros e recursos literarios) para espertar o gusto pola literatura, necesario para unha formación humanística e para o desenvolvemento da competencia cultural.

### Itinerarios lectores para o curso 2018/19

#### 1º ESO

<b>3.º TRIMESTRE</b> (o alumnado elixirá un título desta lista)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Kafka y la muñeca viajera</i>, Jordi Sierra i Fabra, SIRUELA.            (ISBN: 978-84-9841-116-4)</li> <li>- <i>Mitos griegos</i>, María Angelidou, Colección Cucaña, VICENS VIVES.            (ISBN: 9788431690656)</li> <li>- <i>El asesinato de la profesora de lengua</i>, Jordi Sierra i Fabra,            Colección El Duende Verde, ANAYA.            (ISBN: 9788466762526)</li> <li>- <i>Las lágrimas de Shiva</i>, César Mallorquí, EDEBÉ. (ISBN: 9788423675104)</li> </ul>
--	---

## 2ºESO

1.º TRIMESTRE	- <i>Oliver Twist</i> , Charles Dickens.
2.º TRIMESTRE (o alumnado elixirá un título desta lista)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>El diario violeta de Carlota</i>, Gemma Lienas, PLANETA. (ISBN: 9788408112501)</li> <li>- <i>La música del viento</i>, Jordi Sierra i Fabra, CUATROVIENTOS. (ISBN: 9788408099086)</li> <li>- <i>Crónicas de la Torre I: El valle de los lobos</i>, Laura Gallego, SM. (ISBN: 9788467539677)</li> <li>- <i>Cuentos de Edgar Allan Poe</i>, edición ilustrada por Meritxell Ribas, ALFAGUARA. (ISBN: 9788420486369)</li> <li>- <i>El sabueso de los Baskerville</i>, Arthur Conan Doyle, ANAYA, Colección Tus Libros Selección. (ISBN: 9788466724791)</li> </ul>
3.º TRIMESTRE (o alumnado elixirá un título desta lista)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Arrugas</i>, Paco Roca, ASTIBERRI. (ISBN: 978-84-96815-39-1)</li> <li>- <i>Obélix y Compañía</i>, SALVAT.</li> <li>- <i>El diario de Anne Frank</i> (novela gráfica), Ari Folman e David Polonsky, DEBOLSILLO. (ISBN: 9788466340564)</li> </ul>

## 3ºESO

1.º TRIMESTRE	- <i>Tres sombreros de copa</i> , Miguel Mihura.
2.º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Sin noticias de Gurb</i>, Eduardo Mendoza, SEIX BARRAL. (ISBN: 9788432207822)</li> <li>- Antología de literatura medieval.</li> </ul>

<p><b>3.º TRIMESTRE</b>            (o alumnado elixirá un título entre os tres primeiros libros da listaxe; ademais, todos lerán a adaptación do <i>Lazarillo</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Monstruo de ojos verdes</i>, Joyce Carol Oates, SM, Colección Gran Angular. (ISBN: 9788491074502)</li> <li>- <i>El curioso incidente del perro a medianoche</i>, Mark Haddon, SALAMANDRA. (ISBN: 9788478889105)</li> <li>- <i>All for love</i>, Jenny Robson, LÓGUEZ EDICIONES. (ISBN: 9788496646735)</li> <hr style="margin: 10px 0;"/> <li>- <i>Lazarillo de Tormes</i>, VICENS VIVES, colección Clásicos Adaptados. (ISBN: 9788431680251)</li> </ul>
--	---

#### 4ºESO

<p><b>1.º TRIMESTRE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Crónica de una muerte anunciada</i>, Gabriel García Márquez.</li> </ul>
<p><b>2.º TRIMESTRE</b>            (o alumnado elixirá un título desta lista)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Ladydi</i>, Jennifer Clement, LUMEN. (ISBN: 9788426400345)</li> <li>- <i>Del color de la leche</i>, Nell Leyshon, SEXTO PISO. (ISBN: 9788415601340)</li> <li>- <i>Eleanor &amp; Park</i>, Rainbow Rowell, ALFAGUARA. (ISBN: 9788420415703)</li> <li>- <i>Diez negritos</i>, Agatha Christie, ESPASA, Colección Espasa Narrativa. (ISBN: 9788467045390)</li> <li>- <i>El camino</i>, Miguel Delibes, DESTINO. (ISBN: 9788423342303)</li> <li>- <i>El misterio de la cripta embrujada</i>, Eduardo Mendoza, SEIX BARRAL.</li> <li>- <i>Diario</i>, Ana Frank/Anne Frank, DEBOLSILLO/ PLAZA &amp; JANÉS...</li> </ul>
<p><b>3.º TRIMESTRE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Bodas de sangre</i>, Federico García Lorca, VICENS VICES, Colección Clásicos Hispanos. (ISBN: 9788468206868)</li> </ul>

Estes libros son de lectura obligatoria, ao final do trimestre realiza-se un control escrito da lectura con cuestiós de vocabulario e comprensión.

Ao principio de curso facilitase a lista de libros á biblioteca para que o alumnado poida dispoñer deles e faise unha biblioteca de aula.

#### **8.4. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**

Nas clases de Lingua galega dedícase tempo diario á lectura na aula. Todos os alumnos participan en:

- Lectura do texto inicial da unidade poñendo especial interese na entoación, interpretación e comprensión do vocabulario.
- Lectura dramatizada de textos escollidos pertencentes a calquera xénero literario (teatro, narrativa e poesía) e das diferentes etapas da nosa literatura.
- Lectura de artigos de prensa, revistas, publicidade e cómics; a través dos que coñecen os diferentes tipos textuais e aprenden a manexar técnicas como o resumo ou o esquema, e a expresar a súa opinión de maneira crítica e razoada.

Ademais o departamento propón libros de lectura obligatoria para cada trimestre , esta lectura ten lugar na aula ,en voz alta, unha sesión semanal. Obviamente, o alumnado pode escoller con asesoramento do profesorado, máis libros cuxa lectura realiza de maneira voluntaria.

##### **Itinerarios de lectura:**

##### **1º TRIMESTRE**

CURSO	AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL
1º ESO	Ledicia Costas	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta</i>	Xerais
2º ESO	A. Fernández Paz	<i>Contos por palabras</i>	Xerais
3º ESO	A.Fernández Paz	<i>Cartas de inverno</i>	Xerais
4º ESO	Castelao	<i>Os dous de sempre</i>	galaxia

##### **2º trimestre**

CURSO	AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL
1º ESO	Fina Casalderrey	<i>Dúas bágoas por Máquina</i>	Xerais

<b>2º ESO</b>	Neira Vilas  Xabier P. Docampo	<i>Memorias dun neno labrego</i>  <i>O Pazo Baleiro</i>	Xerais
<b>3º ESO</b>	Castelao	<i>Un olla de vidro. Retrincos</i>  <i>Os vellos non deben namorarse</i>	Galaxia
<b>4º ESO</b>	Blanco Amor A.Cunqueiro A.Fole	<i>Os biosbardos</i> <i>Merlín e familia/Escola de menciñeiros ....</i> <i>Á lus do candil</i>	

### 3º trimestre

CURSO	AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL
<b>1º ESO</b>	X. Docampo	<i>O misterio das badaladas,</i>	Xerais
<b>2º ESO</b>	Castelao	<i>Os vellos non deben namorarse</i>	
<b>3º ESO</b>	Rosalía de Castro  Curros Enríquez  Eduardo Pondal	<i>Cantares gallegos e Follas novas</i>	xerais
<b>4º ESO</b>	Textos escollidos	<i>Carlos Casares, Méndez Ferrín, Blanco Amor, A. Cunqueiro</i>	

### Criterios de avaliación

Cada curso revisase a lista de libros obligatorios segundo o resultado das lecturas. Os alumnos teñen que fazer unha crítica reflexiva sobre as lecturas realizadas e fan a súa proposta de cambio.

### 8. 5. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Este Departamento traballa continuamente a lectura, unha lectura comprensiva xa que, no caso de non ser así, non sería posible avanzar

#### Actividades:

Cos libros de texto. Calquera actividade que fagamos nos libros de texto elixidos esixe unha lectura previa do seu enunciado.

Con calquera material complementario fotocopiado, que debe ser lido para a súa comprensión. Ás veces a lectura é individual e outras colectiva.

Co ordenador. Son tarefas individuais ou colectivas onde o alumnado debe comprender as instrucións para poder avanzar nelas. O CPI Pecalama conta co Programa Abalar, polo que este tipo de actividades vese moi reforzado no primeiro e segundo curso da ESO.

Trabállase a lectura tamén cando vemos películas en versión orixinal subtitulada ou os vídeos baseados nas historias que aparecen nos libros de texto. Neste caso, os subtítulos están en francés.

## 8.6. DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Dende as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, e tendo en conta o plan lector do centro, levarase a cabo a lectura diaria dun mínimo de 10 minutos de textos propios das materias e tamén relacionados coas mesmas. Deste xeito non só se fomenta a lectura senón que tamén se pretende introducir ao alumnado no coñecemento histórico, xeográfico e artístico, e acadar as competencias básicas a partir dunha lectura comprensiva. Perséguense que as actividades favorezan a lectura partindo de textos orixinais, da lectura de libros e revistas temáticas, mais tamén de blogs e páxinas web especializadas, co que se reforzará o emprego das novas tecnoloxías. Así, a lectura diaria dun mínimo de 10 minutos, acompañada da explicación correspondente do profesorado, favorecerá:

- A comprensión, interpretación e reflexión do contido do texto para a obtención da información necesaria.
- O emprego con propiedade da terminoloxía básica da Historia, Xeografía e Arte para a elaboración dun vocabulario específico de cada materia.
- A elaboración e realización de actividades de investigación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas.

## CULTURA CLÁSICA

Os alumnos de 3º de Cultura Clásica teñen como libro de lectura obligatoria Mitos griegos, de María Angelidou, edt. Vicens Vives

## 9. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

### 9.1 FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN

Dentro das actividades que recolle o proxecto lector do centro está a formación de usuarios da biblioteca. Tal e como se fixo en cursos anteriores programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo e elaboraranse *guías de formación, presentacións dixitais* e *actividades* para traballar co alumnado, sempre coa colaboración necesaria do profesorado e preferentemente a través do plan de acción titorial.

## 9.2. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Intentarase realizar as seguintes actividades que forman parte tamén do proxecto lector do centro:

- Plan de lecturas curriculares:* Dotación das obras e textos que complementan o currículo.
- Hora de ler:* insistiremos no cumprimento dun tempo diario de lectura para todo o alumnado de ESO E e E. Primaria en todas as materias do currículo.
- Club de lectura* formado por profesores e alumnos .
- Paneis conmemorativos:* Atendendo as distintas actividades e celebracións que se realicen no centro.
- Centros de interese:* Exposición de material dispoñible no centro relacionado coas actividades académicas.
- Titorías pola lectura:* Coordinación coas titorías para facilitar materiais coa finalidade de desenvolver a competencia lectora.
- Préstamo de libros durante o verán e período de vacacións.

## 9.3. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Fomentarase o uso da biblioteca como aula de traballo e como centro de recursos tanto para o profesorado como para o alumnado.
- Conmemoracións e efemérides: programaranse actividades co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar: Día do libro, Letras galegas, Samaín, exposicións, concursos literarios...
- Encontros con escritores, debuxantes contacontos ,etc.....
- Charlas informativas sobre o uso das redes sociais, a prensa e outros medios de información
- Semanas didácticas: Semana da ciencia, da poesía , do libro da muller...
- “Os nosos creadores”: unha sección no blog no que se recollen as creacións ou traballos do noso alumnado (relatos, poesía, banda deseñada....)
- Seguimos colaborando con todas as propostas do Equipo de Dinamización Lingüística.
- Traballos de investigación: dotación e información sobre material e técnicas para a realización de traballos acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo.
- Buzón de suxestións que recolla os gustos de lectura dos alumnos e profesores para renovar fondos documentais.

## 9.4. LER EN FAMILIA

É moi importante a implicación das familias no fomento da lectura, é fundamental que os rapaces lean na casa e sintan o apoio e o seguimento dos pais nesta tarefa .

Por iso propoñemos as seguintes actuacións:

- Informar ás familias do Plan de fomento da lectura e recalcar a necesidade da súa colaboración ó longo do curso.
- Nas reunión coas familias expor a importancia da lectura como medio básico para un bo funcionamento e comprensión das restantes áreas curriculares.

- Conseguir que cada neno lea na casa, como mínimo, un libro cada trimestre controlado pola familia.
- Realizar lecturas compartidas que faciliten a comprensión dos alumnos á vez que lles motive cara a lectura.
- Facilitar un espazo cómodo dende a casa para a lectura e disposición de libros e contos e ter momentos concretos para fomentala.
- Prover aos alumnos e as familias o material documental adecuado aos seus gustos.

## 10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN . CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

En canto aos criterios para avaliar o funcionamento deste proxecto , terase en conta :

- Dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca,
- Modificacións e melloras do espazo físico e do catálogo,
- Funcionamento e utilidade do programa MEIGA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado,
- Nivel de formación dos usuarios,
- Grao de uso da biblioteca como centro de recurso do centro,
- O desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura e o nivel global de funcionamento do proxecto de biblioteca.

Para a avaliação, os instrumentos serán a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos e a realización de enquisas.

Para a avaliação do *Proxecto lector* e da *Hora de ler* pasaranse diferentes enquisas (presentes no Blog) tanto aos departamentos como ao profesorado e ao alumnado.

Para a avaliação deste plan terase en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Cumprimento dos obxectivos.
- Organización de espazos e tempos
- Uso e organización da biblioteca.
- Estratexias de comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Integración das TIC no plan.
- Implicación das familias e do entorno.

Responsable da biblioteca:

Amalia Casas López



Directora:

Gloria Casas Ponte

